

A mostra inaugúrase mañá na Sala de Exposicións I do Centro Social Caixanova en Vigo

Xulio Gil presenta a súa exposición “Retablos esenciais” no Centro Social Caixanova de Vigo

Vigo, 27 de febreiro de 2008.- A Sala de Exposicións I do Centro Social Caixanova en Vigo acolle mañá xoves, ás 20.00 horas, a inauguración da exposición “Xulio Gil. Retablos esenciais”. Na mostra exhibiranse unha selección de fotografías realizadas polo artista ao longo do ano 2007 e que se presentan por primeira vez ao público. O acto de inauguración contará coa asistencia do ex reitor da Universidade de Vigo, Domingo Docampo Amoedo, o artista Antón Pulido e o propio Xulio Gil.

“Retablos esenciais” é un xeito sinxelo de construír un retablo para cada un dos seis elementos esenciais da alimentación en Galicia: trigo-centeo, castaña, vide, pataca, millo e, aínda que non tan abundante, a oliveira. En palabras de Xulio Gil, “non se trata dunha suplantación do retablo relixioso, pero si dun xogo para conseguilo a través da súa funcionalidade (distribución e tamaño das imaxes). Un respecto, un recollemento e, porque non, un darlle grazas aos seis elementos tamén mestizos implantados, arraigados e por fin feitos nosos”.

Nas fotografías que compoñen a mostra xógase coas formas, coa cor, cos acertos e desatinos do desenfoque como recurso expresivo. Unha obra viva, onde toda a intensidade da cor regala ao espectador novas visións.

Como o artista di: “O xesto fotográfico é para min inevitable, fago fotos porque si, pero á hora de decidir que fotos fago, intento facelas desde os condicionantes que me son afectivos ou me afectan. Sen dúbida, reflexionar sobre quen son, desde onde eu son, galego, e onde máis a gusto me sinto”.

Xulio Gil realizou varias exposicións individuais e colectivas desde 1976 ata hoxe en Galicia, Portugal, Madrid, Barcelona, Valencia, etc. Ademais, traballou en diversos libros de arte entre os que podemos salientar “Vigo, fronteira do alén”, con Xosé Luis Méndez Ferrín; “Tigres coma cabalos”, con poemas de Xela Arias, e “Olores e sabores do saber”, con Carlos Casares. A Deputación de Pontevedra publicou recentemente un volume sobre a súa obra titulado “Xulio Gil”.

A exposición permanecerá aberta ao público ata o próximo día 30 de marzo en horario de luns a venres de 18.00 horas a 21.30 horas, e os sábados, domingos e festivos tamén en horario de mañá, de 11.00 a 14.00 horas.